

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN A

2 Cos zapatos mollados percorrín Compostela
na procura da pedra que miman os teus dedos,
4 por vellas fendeduras escoitei rosmar credos
encubertos por fiestras pechadas con tarabela.

6 Os pasos postergaron o eco da cantarela
baixando polos viños entre cantos máis ledos
8 mesturados co aroma de ribeiros acedos,
de onde fuxín lixeiro por non ter nin cadela.

10 No Toural un concerto da banda do concello
12 fixo que o desconcerto propio vise no espello
que os pés atrecidos desexaban quentura,

14 vin que espreitantes rostros pelexaban comigo
16 xulgándome de parvo por non ficar ao abrigo.
Ningunha chuvia molla como estar na amargura.

Miro Villar, *Ausencias pretéritas* (1992)

1. Cal é a causa do estado de ánimo do *eu* do poema: a) non ten cartos, b) sofre unha coita amorosa, c) está todo mollado pola chuvia. Xustifica a resposta cun fragmento tomado do propio texto. [1 punto]
2. Fai unha paráfrase do que lle aconteceu ao protagonista do poema na Praza do Toural. [1 punto]
3. Redacta unha carta dirixida a unha institución local na que lle solicites información acerca das rutas e visitas guiadas á túa cidade ou vila. Nela debes tentar persuadir sobre a necesidade de potenciar estas actividades (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Define o significado que teñen no texto os seguintes termos: *tarabela* (v. 4), *cantarela* (v. 6), *cadela* (v. 9), *atrecidos* (v. 13) e *espreitantes* (v. 15). Non son válidas as definicións que conteñan unicamente sinónimos [1 punto]
5. Analiza sintacticamente a secuencia *Cos zapatos mollados percorrín Compostela na procura das pedras que miman os teus dedos*. [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
 - b) O galego no primeiro terzo do XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) O teatro galego entre 1936 e 1976. A Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
 - b) A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

OPCIÓN B

Paso moitas horas ao día dentro desta cabina laranxa, na peaxe da autoestrada, aburrido. Os meus compañeiros xa me recomendaron que buscase algo para entreterme nas horas de menos tráfico. Algúns teñen unha televisión portátil, outros escoitan a radio e mesmo hai unha rapaza que le algún libro. A min encantaríame ler, mais non me dou concentrado, detesto que interrompan o curso dos meus pensamentos, e a chegada dun coche significa un descenso brusco á vida real. De modo que, tras darlle voltas a primeira semana, crin que sería unha boa idea observar os condutores, analízalos. Os que pasan todos os días prefiren a telepeaxe, é unha mágoa porque neses daría reparado facilmente. Aínda así, acadei o meu obxectivo. Os que repiten o itinerario con frecuencia xa me son familiares.

O caderno onde escribo é azul escuro, ten un coello branco na tapa de diante e un código de barras na parte de atrás. Nestas follas de celulosa cuadrículadas atópanse as letras que trazo e que me auxilian nesta terapia necesaria. A miúdo estou obrigado a facer escritura automática, enlace as primeiras ideas que me veñan á cabeza e plásmoas no papel.

Os colegas de traballo dinme que me deixe de lérias e fantasías, e que me ocupe a mente en tarefas máis mundanas. Pero engancheime a escribir neste caderno, e agora non podoo deixar de imaxinar a vida dos que acotío desfilan fronte á cabina. Xa conformaron a miña mente pequenas celas, con cadansúa etiqueta, onde os mínimos detalles moldean a existencia deses rostros anónimos que tanto significan para min. Velaí os auténticos protagonistas, o alimento do meu maxín, a miña táboa de salvación.

O día en que non vexo esas caras que coñezo, o fatídico día que escollen outra cabina, non durmo ben, soño que estou en Berlín e sufro un pesadelo recorrente no que derrapo nun circuíto labiríntico, ateigado de curvas.

Santiago Lopo, *Peaxes* (2009)

1. Fai unha síntese do texto e procura un título axeitado para el. [1 punto]
2. Indica que trazo do personaxe se acaba destacando por enriba doutros: a) o tedio, b) a obsesión, c) a adicción ao traballo, d) a imaxinación. Xustifica a resposta empregando fragmentos do texto. [1 punto]
3. Redacta un texto no que expoñas a túa opinión sobre vantaxes e inconvenientes dos traballos rutineiros. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. A partir do significado que posúen no texto, indica dous sinónimos de cada un dos seguintes termos: *itinerario* (l. 8), *auxilian* (l. 10), *terapia* (l. 11), *engancheime* (l. 14) e *acotío* (l. 15). [1 punto].
5. Indica a función sintáctica dos pronomes resaltados no texto. Indica tamén se é posible colocalos ou non dunha maneira alternativa e xustifica en cada caso a resposta. [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
 - a) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
 - b) O galego no primeiro terzo do XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
 - a) O teatro galego entre 1936 e 1976. A Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
 - b) A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.